

ANUNCIO DE APERTURA DO TRÁMITE DE CONSULTA PREVIA EN RELACIÓN A ORDENANZA DO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

De conformidade co disposto no art. 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e co obxectivo de posibilitar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración das normas e lograr o máximo consenso posible ao respecto, con carácter previo á elaboración do proxecto de Ordenanza reguladora do servizo de Centro de día do Concello de Malpica de Bergantiños, se promoverá unha consulta pública a través do portal web do Concello na que se recadará a opinión das persoas e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura aprobación da ordenanza.

Ao abeiro do citado artigo esta opinión será a acerca de:

- a) Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.
- b) A necesidade e oportunidade da súa aprobación.
- c) Os obxectivos da norma.
- d) As posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias.

As persoas interesadas, poden facer chegar as súa opinións, achegas e suxestións en relación a ordenanza que se propón e demais aspectos da consulta, as cales deberán facerse efectivas a través do Rexistro Xeral do Concello, sito en Avda. Emilio González López, nº 1, Malpica de Bergantiños en horario de 8:30 a 14:30 horas ou a través do Rexistro telemático (sede electrónica).

Os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa e obxectivos da norma.

Determinar dunha maneira clara e precisa as condicións de acceso e requisitos para ser beneficiario/usuario do centro de día do Concello de Malpica para a atención diúrna de persoas maiores con perda de autonomía que, residindo no seu propio domicilio, requiren unha serie de cuidados e atencións de carácter persoal, terapéutico ou social, establecendo un procedemento estandarizado/regrado para a resolución das solicitudes efectuadas polos beneficiarios/ usuarios, determinando o réxime de obrigas e dereitos dos beneficiarios/usuarios así como o establecemento dun réxime de seguimento.

A cuestión que procede ser regulada por ordenanza, xa que ten como destinatarios (beneficiarios/usuarios) a unha pluralidade indeterminada de persoas, sendo susceptible de ulteriores e sucesivas aplicacións, debendo de ser coñecido de ante man por estes as condicións/requisitos de acceso, o dereito que lles asiste de acceso ó servizo de centro de día, ser coñecedores dos dereitos/deberes que se derivarán de ser usuarios/beneficiarios, así como ser coñecedores dos trámites e o procedemento a seguir por esta administración ata ditar a oportuna resolución e o seguimento que se realizará.

A necesidade e oportunidade da súa aprobación.

De acordo cos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa se encontra xustificada por unha razón de interese xeral téndose identificado os obxectivos/fins perseguidos pola norma así como os problemas que pretende solucionar coa mesma que non son outros que a implantación do servizo de centro de día para dar resposta a situacións familiares nas que é necesario optar por centros especializados na atención de persoas maiores dependentes, sen recorrer a outras instalacións residenciais.

A aprobación da correspondente ordenanza é o instrumento axeitado para solucionar os problemas

detectados ao establecer un marco normativo no que se definen os dereitos e deberes dos solicitantes/beneficiarios e se establece o correspondente procedemento regrado/estandarizado que permita ditar a oportuna resolución a esta administración e o seguimento que se realizará.

As posibles solucións alternativas regulamentarias e non regulamentarias .

Non se contempla a posibilidade da existencia de solucións non regulamentarias .

PRAZO DA CONSULTA PREVIA: 20 DÍAS HÁBILES A CONTAR DESDE O DÍA SEGUINTE A PUBLICACIÓN DO PRESENTE NA WEB DO CONCELLO E NA SEDE ELECTRÓNICA.

Asinado dixitalmente en Malpica de Bergantiños polo alcalde D. Eduardo Jose Parga Veiga, na data que figura ao marxe.